

O NOVO XEITO



Boletín informativo do BNG de Muros – Decembro do 2020

BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO MUROS

'O futuro de Muros depende da xente nova, se lle viramos as costas a Galiza condenámola a morte'

Ía Lago, portavoz municipal do BNG

Ía Lago, é a portavoz municipal do BNG, ten 33 anos, é licenciada en Farmacia e Máster en Nutrición e Seguridade Alimentaria. Cal foi a causa pola que decidiches participar na política local?

Sempre me gustou a política e vexo a política local unha ferramenta moi potente para mudar a nosa realidade. Cando rematei os estudos e volvíñ a pasar todo o tempo en Muros, e non só nas fins de semana, vin un concello que morría pouco a pouco e como a meirande parte da miña xeración tivera que marchar aquí para traballar. Creo que o futuro de Muros depende das máis novas, se lle viramos as costas a nosa terra condenámola a unha morte segura. No 2015, o BNG ofreceume formar parte da súa candidatura, contoume o proxecto e animoume a sumar... e até hoxe!

Como valora o primeiro ano e medio de goberno do PP?

Preocupante. Se ben é certo que dende marzo até agora a situación non é comparábel con nada do que tivemos, aquela xestión que se levou a cabo peca dos mesmos erros que o grupo que está agora no goberno lle encaraba aos que marcharon. Non é de recibo que aca-



bando o 2020 non teñamos aínda orzamentos e sigan prorrogando os de 2015, ou que se tivesen que levar a pleno, xa a estas alturas, medidas de axuste económico por gastar de máis no 2019.

Neste tempo como concelleira, que cambios ves respecto aos anteriores catro anos?

A falta de respecto do goberno cos grupos que formamos a corporación municipal, pouco diálogo e falta de iniciativa política. O BNG traballa para presentar iniciativas positivas e necesarias para resolver os problemas do día a día da veciñanza muradana.

Como se desenvolve o traballo do BNG no concello?

Dispoñemos dunha equipa de persoas

sostendo ao grupo municipal e traballando arreo, da que temos que sentirnos orgullosas. Temos unha asemblea forte, xente nova chea de ilusión e ganas de facer país, que lle levantan o ánimo a calquera. E debo destacar o plus que supón contar co apoio de quen estivo no lugar antes que nós, compartindo a súa experiencia e achegándonos confianza e forza.

Cal vén sendo o eixe do traballo político e o obxectivo do BNG?

Tivemos un respaldo electoral importante nas últimas eleccións e logramos ser a segunda for-

za en votos. A base do BNG xunto con este apoio electoral, dános a forza necesaria que nos permitirá desenvolver un proxecto de futuro e ser grupo alternativo de goberno. Levamos tempo traballando de forma constante para construír un proxecto sólido, os resultados de agora son o froito do esforzo de anos. O BNG quere un concello que saiba equilibrar progreso e produtividade con benestar social, que sexa quen de atender as necesidades do pobo en todos os eidos. Apostamos pola creación de emprego sólido e sostíbel, o apoio ás PEMEs e á innovación, máis sempre coidando á nosa veciñanza, poñendo a vida no centro das nosas decisións e reivindicacións.

Demandamos restabelecer a atención presencial nas consultas sanitarias



No pleno do mes de outubro, aprobouse coa abstención do PP e cos votos a favor do BNG e resto de grupos da corporación, unha moción para instar a Xunta de Galiza que recupere a atención presencial no centros de saúde de Muros e Esteiro. A Xunta debe dar resposta ás demandas de atención pola Covid19 e ao resto das patoloxías, rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, dotar de maior número de persoal e poñer en práctica medidas de prevención de contaxios, eficaces para garantir unha atención sanitaria e pública digna á poboación.

Diante da pandemia, a Xunta, presidida por Feijóo, decidiu reducir drasticamente a asistencia presencial tal como pasa nos nosos centros, e restrinxir consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas nos hospitais. Xunto con isto, ao goberno do PP, temos que sumarlle a privatización que desde hai anos permitiu esquilmar o diñeiro dedicado a sanidade para traspasalo a petos privados mentres os centros e recursos públicos sufriron un deterioro brutal. “A pesar de toda a mobilización e a conciencia cidadá que se espertou ante a catástrofe da pandemia do coronavirus, desde a Xunta de Galiza non se tomou medida algunha para fortalecer a sanidade pública”, denuncia a nosa voceira, Ía Lago.

A decisión que tomou Feijóo foi que a atención se centrara preferentemente na consulta telefónica, cuestión que está ocasionando moitas dificultades tanto ao persoal médico e sanitario para poder prestar a asistencia sanitaria, como no acceso da poboación á mes-

ma. “Que médica ou médico pode dar un diagnóstico fiable por teléfono? Sen verlle a cara á persoa paciente, sen explorarlle, sen auscultarlle...?”, pregúntase a nosa voceira.

Estamos ante unha cuestión gravísima. Coindadosamente e de maneira planificada estase favorecendo o negocio da sanidade privada. Aproveitase a situación que vivimos para privar a nosa veciñanza dun servizo básico, isto ten como consecuencia a perda de confianza das persoas doentes na sanidade pública e, quen poda, procure alternativas.


Este modelo político leva á sanidade pública a un punto de difícil retorno se non o paramos entre todos e todas. Un modelo de sanidade privada que Feijóo e o PP nos queren impoñer.

O BNG está mobilizado ante esta situación. Xa en setembro, o grupo parlamentario nacionalista presentou unha inicitiva na que se lle solicitaba á Consellaría de Sanidade que reactivase a atención presencial e acabe coas listas de espera. Como é habitual no Partido Popular, votaron en contra.

O BNG defende que non se pechen as oficinas do ISM de Muros

Entre os anos 2009 e 2012, o Goberno do Estado levou a cabo o peche das oficinas do ISM en Muxía, Laxe e Fisterra, baixo a xustificación dunha “racionalización e eficacia dos recursos”. Agora, parecen ser Corcubión e Muros os que están no punto de mira dos peches e dos recortes, xa que, tal e como os profesionais do mar veñen de denunciar publicamente, o posíbel peche do Centro local de Sanidade Marítima de Corcubión, que atende aos traballadores e traballadoras do mar pertencentes aos concellos de Cee, Corcubión, Fisterra, Muxía, Camariñas, Laxe, Ponteceso e Malpica, pode converterse en realidade. E é o propio sector o que xa advirte sobre a intención do ISM do peche do de Muros para centralizar na cidade da Coruña o recoñecemento médico ao que están obrigados todos os mariñeiros que queiran embarcar.

O BNG opónse a esta redución de servizos dos que se benefician máis de 1.000 traballadores e traballadoras de diferentes lugares e concellos da nosa bisbarra.



“Apoiaremos as reivindicacións do sector marítimo e pesqueiro do concello de Muros e da súa bisbarra. Prestarémolles o noso apoio e darémolles cobertura a todas as reivindicacións que fagan en relación ao mantemento dos servizos do ISM. Opoñémonos á redución deste servizo e á súa centralización na cidade da Coruña, non imos permitir esa vergoña”, manifesta a nosa voceira, Ía Lago.

O BNG presentou xa unha moción aprobada por unanimidade no pasado pleno de outubro, no que se insta ao goberno do Estado a garantir a permanencia dos servizos do ISM na Casa do Mar de Muros.

A responsabilidade das persoas que estamos e das que nos precederon

David Miranda, responsábel local do BNG



David Miranda, Responsábel Local do BNG, Ía Lago, Portavoz Municipal, e Bieito Lobeira, Secretario Nacional de Organización do BNG

Hai uns meses decidín dar un pasiño á fronte e asumir a responsabilidade local do BNG de Muros. Levei unha sorpresa moi grande ao recibir un cento de mensaxes de veciños, veciñas, familiares e amigos e amigas, do tipo “parabéns, agora xa podes mandar!”. Fíxome pensar (e moito) na falta que temos de cultura asemblear. De saírnos da verticalidade.

O Bloque é unha organización asemblear. Asumir a súa responsabilidade local é asumir moitas responsabilidades compartidas. A responsabilidade local do Bolato, que leva media vida subido aos escearios facendo País. A do Comandante Fidel, que ten impresa na pel unha vida de traballo. A responsabilidade de Maru, que vén a pintalo todo de lilá, a do Santero, que sempre saca unha horiña (ou centos) para reunirse coa súa xente. A da Ía, que asumíu ser a cara visíbel e voz deste proxecto. A responsabilidade da Paula, que vén a poñer claridade a tanto teatriño políti-

co. A de Fran e Jalp, desde a radicalidade das artes. A de Gloria, que cada mañá protexe e coida da nosa ría... A responsabilidade do Alberto, Vanesa, Laura, Iago, David, Evaristo, Miguel, Lisardo, Freire, Brais, Xosé Ramón, Manuel María, Miguel, Xaquín, Anxo, Milucho, Rosa...

A responsabilidade de todas e todos os que están.

E a responsabilidade de todas e todos os que nos precederon.

Nun proxecto coma este as responsabilidades asúmense porque son compartidas. Hoxe tocoume a min executar o mandato de todas e de todos. A sorte que temos é que hai equipo para que poida facelo calquera outra persoa. Desto vai o asemblearismo. Esta é a esencia do Bloque. Non renunciemos nunca a ela. Vémonos a partires de decembro na nosa nova sede, antes coñecida como Licores Luisa. Para seguir compartindo responsabilidades.

Que ledicia pasar por diante do Cine!

No ano 2011 o PP decidiu suprimir os 500.000 € asignados nos orzamentos do Estado para a reforma do edificio do Cine París. Desde aquela ignominiosa decisión do PP, no BNG de Muros traballamos con constancia e determinación para retomar o proxecto de restauración. Ano tras ano, insistiamos dotar de orzamento a reforma do Cine. No 2016, o BNG volveu a solicitar incluír a recuperación do Cine no Plan de Obras da Deputación. A actual alcaldesa

dixo que non era unha obra urxente, e que había cousas máis importantes nas que meter os cartos. Poucos meses despois, o tellado do Cine veuse abaixo. **A insistencia do BNG logrou que no ano 2017 a corporación municipal aprobase, por fin, engadir a reforma do Cine nos proxectos a financiar co Plan Único da Deputación.**

Agora, cada vez que pasamos por diante non podemos evitar que un sorriso nos medre nos



beizos ao ver como as obras van devolvendo o seu esplendor a este emblemático edificio. Seguiremos traballando para conseguir que este edificio se converta nun auditorio digno para o goce da nosa veciñanza.



ALGO MÁIS PERSOAL... CON ÍA LAGO

#1

Se o Concello de Muros fose unha canción... ***Matriarcas***, de Guadi Galego

#2

Se o Concello de Muros fose un libro... ***O porco de pé***, de Vicente Risco, e oxalá sexamos quen de cambialo

#3

Se o Concello de Muros fose unha película... ***La vita è bella***, salvando as diferenzas

#4

Se o Concello de Muros fose unha serie... ***Friends***

Ana Pontón: “Hai que poñer ás persoas no centro e rescatar á sociedade das consecuencias da COVID-19”

Como valora o BNG o escenario que se está a producir pola segunda vaga da Covid?

Observamos con moita preocupación as consecuencias na vida, na saúde e na economía que está a ter. É obvio que as cousas non se fixeron ben nin polo Goberno central nin pola Xunta. Especialmente grave está a ser a pasividade e negligencia da Xunta de Feijóo, máis preocupada no politiqueo e no proveito político que en tomar medidas serias de apoio aos sectores económicos e á sanidade pública, á que por certo está desmantelando.

Neste contexto, o Goberno central presentou os seus orzamentos, e o BNG votou en contra.

Efectivamente. Gustaríanos poder ter votado a favor, porque iso querría dicir que serían uns orzamentos positivos para Galiza, mais infelizmente son todo o contrario. Uns orzamentos que discriminan Galiza e as necesidades da sociedade galega. Mentres sube de forma moi importante o investimento noutros territorios, en Galiza baixa un 12 %. Nós advertímolos desde o primeiro día: o noso voto ía depender unicamente da defensa dos intereses de Galiza. Se o Goberno central non cumpría con Galiza, o BNG non apoiaría uns orzamentos que fosen discriminatorios para o noso país. E iso foi o que pasou. Especialmente lamentábel foi o espectáculo de ver ás caras do PSdG e Podemos atacando ao BNG, seguramente por mala conciencia, porque sabían que o noso voto os deixaba en evidencia. PSOE e Podemos están a realizar unha fraude á sociedade galega terán que explicarlle aos galegos e galegas por que discriminan a Galiza.



Ana Pontón, Portavoz Nacional do BNG

E como valora os primeiros meses do novo Goberno Feijóo.

Na liña do esperado. Feijóo non ten proxecto para Galiza, o seu proxecto é estar no poder, da forma que sexa. Pode dicir hoxe unha cousa e mañá a contraria, e apóiase nun control férreo dos medios de comunicación, coa CRTVG convertida no seu aparato de propaganda. Con todo, nos feitos, nas decisións, en todos os grandes temas Feijóo traíza os intereses da sociedade galega e traballa en favor dos intereses de Madrid, das grandes empresas, porque ao final a súa ambición é esa: Madrid. Vémolo nos usos e políticas da enerxía, nas comunicacións e infraestruturas, na rebaixa do autogoberno, no desmantelamento da sanidade e da educación... No BNG imos estar construíndo, desde xa, a alternativa de goberno que lidere a posta en marcha dunha nova Galiza, dun país que avance sen condicionantes e aproveitando o seu talento, capacidade, recursos, en favor da maioría.

Súmate ao BNG!

✉ muros@bng.gal ☎ 627737874

f facebook.com/bng.muros

🏠 **Local do BNG:** Praza Galiza, 2, 15250 Muros



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO